

ESTREA EN NUMAX: 24.03.2017 | +18 | V.O.S.E.

Grave (2016, 98')

Dirección: Julia Ducournau

Guión: Julia Ducournau

Elenco: Garance Marillier, Ella Rumpf, Rabah Nait Oufella, Laurent Lucas, Bouli Lanners, Joana Preiss, Marion Vernoux, Denis Mpunga, Jean-Louis Sibile

Son: Mathieu Descamps

Vestuario: Elise Ancion

Montaxe: Jean-Christophe Bouzy

Fotografía: Ruben Impens

Música: Jim Williams

Produtora: Petit Film, Rouge International (Francia), Frakas Productions (Bélxica)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Mange, 2012 [TV]

Junior, 2011 [curtametraxe]

SINOPSE

Justine, unha rapaza de 16 anos, vive nunha familia onde todos son veterinarios e vexetarianos. É unha estudante brillante e prometedora, pero ao ingresar na facultade de veterinaria descobre un mundo decadente, despiadado e perigosamente sedutor. Obsesionada por encaixar cos seus compañeiros de aulas, afástase dos principios que lle inculcou a súa familia e come carne crúa por primeira vez. A moza empezará a desvelar a súa verdadeira natureza.

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Premio FIPRESCI da Semana da Crítica), Sitges 2016 (Mellor filme, directora revelación e filme europeo), Toronto 2016 (sección oficial), Londres 2016 (mellor opera prima), Austin 2016 (mellor dirección), Ghent 2016 (Premio Explora), Monster Fest (mellor longametraxe, premio do xurado)

«*Suspiria* encóntrase con *Ginger Snaps* neste potente e elegante horror caníbal: *Cru* é un estofado de pesadelo deliciosamente febril»

Catherine Bray, VARIETY



«‘Cru’ trata da construción da identidade e a moral no seo dun sistema perverso»

Entrevista a **Julia Ducournau**

Metamorfoses. Ao comezo de *Cru*, Justine entra na escola de veterinaria onde estudaron os seus pais. Alí atópase coa súa irmá Alexia e rapidamente ergue un muro. É para ela a fin da inocencia. Os primeiros golpes han ser os máis duros. Para esas escenas pedínlle a Garance [Marillier] que se mantivese moi dereita, co queixo erguido suxerindo esa sorte de seguridade un pouco naif. Pouco a pouco ela modifica a súa mirada, o seu xeito de estar. O queixo baixa máis e máis para acadar unha ollada nidia, precisa e inquietante. As miñas intencións canto á interpretación pasan principalmente pola posición do corpo.

Grave. *Grave* [título orixinal do filme] é unha palabra que ten moitos usos. Foi tan empregada que perdeu a súa significación orixinal e a súa forza. Remite por unha banda á gravidade no sentido físico do termo, dunha cousa que cae, un peso que nos ancora ao chan e que todos temos que soportar. É tanxíbel, concreto, importante. No meu filme a palabra non se utiliza máis ca nunha secuencia, cando Adrien lle pregunta a Justine: «Quero

saber se estás a delirar ou se é máis grave ca iso». Justine non responde, vai ao seu cuarto para logo regresar e dicir: «É grave». Inmediatamente despois fan o amor. É por terse dito a verdade que eles poden facelo.

Justine. O nome da miña heroína fai referencia a *Justine ou les malheurs de la vertu* do Marqués de Sade, a historia dunha moza inocente que se converte nun obxecto sexual e remata gozando dese xogo. *Cru* trata da construción dunha identidade e dunha moral no seo dun sistema perverso. Se o sexo ten a súa importancia o tema do atavismo é central. A miña Justine vaise construír a partir dunha pulsión que é unha condena familiar. En contacto coa súa irmá maior, enferma do mesmo mal, ela vaise afirmar, descubrir e aceptar ou non a súa diferenza.

Garance. Encontrei a Garance Marillier ao longo do casting da miña curtametraxe *Junior*. Foi a súa nai a que nos contactou. A min interesábame destacar o lado masculino e cru do personaxe. Ela comezou tímida, co seu físico miúdo, mais cando se puxo a actuar sorprendeunos polo seu carisma e a súa forza. Garance ten un físico interesante que ten algo da nena e algo de adulta. Ten unha sorte de inocencia mais tamén resulta inquietante. Foi doado para min proxectarme nela, porque temos caracteres bastante similares.

Autobiografía. Miña nai é xinecóloga, meu pai dermatólogo e teño unha irmá

maior. Semella que todo encaixa mais realmente os personaxes de *Cru* non se parecen aos meus familiares. Desde pequena escoitei os meus pais falar de medicina sen tabús. Era o seu día a día. Eu tiña o nariz afundido nos seus libros. Lembro unha foto dun pequeno leproso cuxa orella se sostiña coa axuda de samesugas. Isto tivo un dobre efecto sobre min: se ben a morte e a descomposición estaban normalizadas, volvinme moi hipocondríaca. Soñaba coa enfermidade. Vin o meu primeiro filme de terror aos seis anos. Meus pais eran conscientes por suposto, mais tarde decateime de que foi *La matanza de Texas* [Tobe Hooper, 1974]. Mais ca atemorizada estaba intrigada pola maneira en que esas imaxes eran creadas. Ademais miña nai era moi feminista. Por conta do seu traballo inculcoume o seu interese pola conduta das mulleres, o seu sentido da solidariedade, e miúdo me repetía que non hai nada que faga un home que unha muller non poida facer.

Cronenberg. É un cineasta que conta moito para min. Nos seus filmes vemos moitos corpos mutilados, danados. Non introducen palabras que tenten intelectualizar ou abrandar, son simplemente imaxes. É moi concreto. Gústame iso. Se unha imaxe fala de seu non hai razón para engadir frases para explicala. Cronenberg é ademais o cineasta que mellor filmou o aspecto psicanalítico dunha metamorfose.

Publicado en www.cameo-nancy.fr/
 Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Justine o Los infortunios de la virtud, Marqués de Sade. Tusquets, 1994

Un método peligroso, David Cronenberg. Universal [DVD]

Scanners, David Cronenberg. A Contracorriente [DVD]

Cromosoma 3, David Cronenberg. A Contracorriente [DVD]

Rabia, David Cronenberg. Feel Films [DVD]

Maps to the Stars, David Cronenberg. Vértigo [BluRay]

Cosmópolis, David Cronenberg. Vértigo [DVD]

Crash, David Cronenberg. Vértice [DVD]

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org

